



Departamento de Linguaxe Musical

Programación de Educación Auditiva e Vocal

Curso 2022-2023

CMUS PROFESIONAL DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1, 32500 - O Carballiño (Ourense)

Tlfn.: 988 53 00 07 / Fax: 988 53 00 08

cmus.profesional.carballino@edu.xunta.gal

Índice

1. Introducción	3
2. Metodoloxía	4
3. Atención á diversidade.....	5
4. Temas transversais	6
4.1. Educación en valores.....	6
4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs) .6	
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	7
6. Secuenciación por cursos	8
6.1. Curso: 1º Curso de Grao Elemental	8
6.1.1. Obxectivos	8
6.1.2. Contidos.....	8
6.1.3. Avaliación.....	9
6.1.4. Recursos didácticos	16
6.2. Curso: 2º Curso de Grao Elemental	16
6.2.1. Obxectivos	16
6.2.2. Contidos.....	16
6.2.3. Avaliación.....	18
6.2.4. Recursos didácticos	24
6.3. Curso: 3º Curso de Grao Elemental	24
6.3.1. Obxectivos	24
6.3.2. Contidos.....	24
6.3.3. Avaliación.....	26
6.3.4. Recursos didácticos	32
6.4. Curso: 4º Curso de Grao Elemental	32
6.4.1. Obxectivos	32
6.4.2. Contidos.....	33
6.4.3. Avaliación.....	34
6.4.4. Recursos didácticos	40
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	40
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	40
9. Anexos	41
9.1. Probas de acceso 1º de Grao Elemental	41
9.2. Probas de acceso 1º de Grao Profesional	41
9.3. Probas de acceso a outros cursos	41

1. Introducción

A lei 2/2006, de 3 de maio, de educación, incide especialmente nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade proporcionar aos alumnos una formación artística de calidade.

Tendo en conta este novo marco normativo, o departamento de linguaxe musical adáptase ás novas esixencias do mesmo tentando mellorar aqueles aspectos que nalgún momento, no pasado, puideran ser desatendidos.

Partindo da premisa de que a L.O.E. concede total liberdade ás comunidades autónomas para o desenvolvemento do grao elemental, os contidos do mesmo baséanse no Decreto do 27 de setembro de 2007, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental das Ensinanzas de Réxime Especial de Música.

Neste novo espazo legislativo e normativo, a implantación da materia de Educación auditiva e vocal ven a cubrir un baleiro existente nos estudos elementais de música o que, sen dúbida, será unha solución á persistente falta de educación auditiva e vocal na nosa comunidade.

Esta programación pretende profundar en cada un dos aspectos tratados no currículo da nova materia para así acadar as metas propostas e desexables.

O obxectivo básico de toda educación musical consiste en aproximar un obxecto tan prezado e estimable como é a música á percepción total do ser humano. A educación auditiva e a educación vocal supoñen un vehículo indispensable para a consecución deste obxectivo.

Historicamente, a formación musical centrouse en dous aspectos fundamentais: por unha banda, a ensinanza dirixiuse aos problemas da adquisición de habilidades de execución vocal ou instrumental e, por outra, intentou afondar no coñecemento relativo á estrutura do discurso musical.

Co devir do tempo, considerouse a posibilidade de que un aspecto que non se tivera en conta no pasado fose susceptible de aprenderse e se incorporara ao feito da aprendizaxe, isto é, o oído musical. Xa que logo, comezouse, dentro da linguaxe musical, a incluír estratexias de desenvolvemento de habilidades auditivas.

Habitualmente considérase o oído musical como unha habilidade indispensable

nos desempeños musicais. Dependendo do punto de vista, esta habilidade pódese considerar desde un atributo innato do músico, independentemente da cultura musical á que pertenza, ata o resultado dun meticuloso e ordenado proceso de aprendizaxe relacionado intimamente co coñecemento cultural específico que implica o saber escoitar. Ambos os puntos de vista conflúen na consideración de que a educación auditiva e vocal debe ser propedéutica na formación académica dun músico.

Así mesmo, constitúe un feito equivocado considerar que o instrumentista non necesita cantar. A experiencia vocal ha de lle proporcionar unha dimensión humana máis interiorizada do son físico. Saber cantar con musicalidade ha de lle posibilitar a comprensión dun fragmento e, por tanto, aforrar moito esforzo no proceso de aprendizaxe instrumental. Se o canto é, ademais, polifónico, multiplícanse os poderes pedagóxicos. A plasticidade espacial deste fenómeno polisonoro, polirrítmico, polítímbrico e polidinámico achégalle ao alumnado unha dimensión social e artística única e insubstituíble.

O futuro músico profesional debe escoitar e cantar co seu propio corpo físico e emocional, potenciar as súas capacidades perceptivas e coñecer a música integralmente. É dicir, debe poder apreciar e sentir a música non só co intelecto senón tamén cos outros sentidos; de aí que o traballo de desenvolvemento auditivo e vocal estea integrado en tres fases: auditiva, analítica e perceptivo–sensorial. Xa que logo, o maior esforzo do profesorado deberíase centrar na recuperación dunha percepción espontánea e desinteresada dos sons, a través do aumento, cualitativo e cuantitativo, da estimulación auditiva do alumnado a través do son, da música e das cancións. O folclore musical constitúe un tipo de alimento auditivo–espiritual completo, denso, pero ao mesmo tempo inocuo, capaz de preparar o oído e a sensibilidade para futuras adquisicións e para unha etapa de madureza.

2. Metodoloxía

A metodoloxía utilizada polos profesores de Educación Auditiva e Vocal a pesar de presentar características individuais en función da personalidade de cada un, a idade dos alumnos, o nivel de coñecementos do grupo (que en determinados casos pode alterar os contidos e a secuencia da programación), posúe un importante punto en común: trátase dunha metodoloxía activa, significativa e construtiva: cada elemento

explicado é a base para o entendemento dun novo elemento. A práctica e a teoría interactúan constantemente entre si.

Dita metodoloxía implica directamente ao alumno e baséase na aprendizaxe e no descubrimento de situacións comunicativas que fomentan a creatividade e a propia autonomía dos alumnos.

A planificación das clases realizarase sempre de acordo co programa a desenvolver durante o ano, e tamén tendo en conta a distribución trimestral da materia.

3. Atención á diversidade

O tratamento á diversidade non pode pasar desapercibido no noso proxecto curricular.

Os docentes temos a responsabilidade de concretar intervencións encamiñadas a atender problemas específicos dos distintos alumnos.

As pautas a seguir para estas intervencións comezan cando no principio do curso facemos a avaliación inicial e esta permítenos identificar trazos da diversidade. Os máis característicos que xorden nas nosas aulas son:

- O seu diferente nivel musical.
- As dificultades concretas nas distintas áreas da materia.
- A súa diferente actitude e interese (motivación).
- O grao de adaptación segundo as condicións innatas para a música.

Dado que nos atopamos con algunhas destas dificultades, e como as nosas clases son de grupo, xurdirá a necesidade de manter un fío condutor de xeito que o rendemento desigual non traia como resultado disfuncións no colectivo. Un alumno destacado non debería monopolizar toda a atención do profesor ao igual que ningún alumno con dificultades debe ser nunca ignorado.

Debemos atopar fórmulas de adaptación mediante a distribución de tarefas e deberes de xeito distinto, poñendo en xogo recursos e estratexias variadas para que ao final de curso o alumno poida acadar no esencial os obxectivos fixados nesta programación.

4. Temas transversais

4.1. Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos, que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social, son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe despertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto.

Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados.

O estudo da música nos conservatorios cínquese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TICs pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc.

Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, gravadoras, tablets, teléfonos, etc.) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grao de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, midis, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes.

As plataformas de almacenamento como Dropbox o Google Drive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca, como Google, tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TICs empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanza

O traballo realizado dentro da aula verase moi enriquecido coas distintas actividades complementarias establecidas polo departamento.

Dentro de cada curso, poderanse realizar ao longo do ano actividades como as seguintes:

- Asistencia aos ensaios das agrupacións do conservatorio.
- Asistencia a concertos e audicións organizados polo conservatorio.
- Asistencia a concertos organizados fora do centro.
- Audicións organizadas polo departamento.

6. Secuenciación por cursos

6.1. Curso: 1º Curso de Grao Elemental

6.1.1. Obxectivos

- a) Valorar a importancia da memoria como recurso indispensable no desenvolvemento da audición activa.
- b) Afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).
- c) Potenciar a memoria como base para a formación do oído interno.
- d) Desenvolver o traballo vocal en grupo e coñecer os elementos básicos da interpretación, tendo en conta as normas e as regras que rexen a actividade musical de conxunto.

6.1.2. Contidos

Contidos da Educación Auditiva

- Cumprimento dos contidos presentes nos materiais que o profesor determine.
- Percepción de sons longos e curtos. Altura relativa do son.
- Iniciación á escritura musical.
- Memorización e repetición de deseños.
- Percepción dos graos conxuntos e disxuntos.
- Percepción e identificación dos sons graves. A clave de Fa.
- Deberanse facer audicións con frecuencia, para o coñecemento dos diferentes estilos da Historia da Música.
- Práctica da audición armónica.
- Reforzo e perfeccionamento de:
 - Identificación de pulsos e acentos (subdivisión).
 - Ditado rítmico utilizando os elementos traballados.
 - Ditado melódico utilizando os elementos traballados.

- Ditado melódico-rítmico abarcando os dous apartados anteriores.
- Ditados de intervalos melódicos e harmónicos
- Recoñecemento do Acorde Perfecto Maior e do Acorde Perfecto menor.
- Diferenciación entre as funcións de Tónica (I) e Dominante (V).
Cadencias.

Contidos da Educación Vocal

- Cumprimento dos contidos presentes nos materiais que o profesor determine.
- Exercicios de respiración, relaxación e vocalización.
- Interpretación de cancións a unha voz e con obstinatos.
- Reforzo e perfeccionamento de:
- Diferenciación dos modos maior e menor.
- Mecanización das escalas e arpechos de do maior e la menor.
- Iniciación ás alteracións.
- Entoar con e sen texto.
- Entoación básica a dúas voces.
- Práctica da memoria.
- Práctica da repentización de entoación con e sen acompañamento pianístico.
- Práctica de improvisación melódica sobre unhas pautas pre-establecidas.

6.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- 1) Identificar os erros e as diferenzas existentes entre un fragmento escrito e o escoitado. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para discriminar auditivamente as posibles diferenzas entre o escoitado e o escrito.
- 2) Identificar auditivamente o modo maior e menor dunha obra ou dun fragmento. Preténdese constatar a capacidade do alumnado para recoñecer este fundamental aspecto da audición dándolle elementos para a súa audición

intelixente.

- 3) Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para percibir aspectos distintos (rítmicos, melódicos, cadenciais, formais, tímbricos etc.), tras seleccionar os aspectos que se deban identificar ou ben deixando que se identifiquen libremente os aspectos que resulten máis notorios.
- 4) Reproducir por escrito fragmentos rítmicos escoitados. Mediante este criterio avalíase a capacidade do alumnado para recoñecer e reproducir aspectos rítmicos coñecidos.
- 5) Reproducir por escrito fragmentos melódicos escoitados. Avaliamos aquí a capacidade de interiorizar e reproducir graficamente movementos melódicos con sentido tonal.
- 6) Recoñecer e reproducir por escrito fragmentos melódico-rítmicos escoitados. Trátase de avaliar a destreza para captar conxuntamente os aspectos melódicos e rítmicos do fragmento escoitado.
- 7) Recoñecer e reproducir por escrito fragmentos musicais a dúas voces. Con este criterio de avaliación compróbase a percepción do alumnado constatando a faceta polifónica da audición.
- 8) Entoar, integrándose no grupo, unha das voces dun canon ou fragmento musical polifónico. Con esta proba trátase de obxectivar a destreza do alumnado para se adaptar musicalmente e sonoramente a un grupo.
- 9) Amosar a capacidade de aprendizaxe progresiva individual nos estudos e os métodos de traballo. Este criterio de avaliación pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo os métodos de traballo e as indicacións do profesorado, desenvolvendo así unha autonomía que lle permita unha certa valoración do rendemento.

Mínimos esixibles

Aínda tendo en conta que a evolución e o rendemento dos grupos é moi variable dependendo de factores tales como: as idades dos alumnos, o número de alumnos, o calendario escolar, as propias capacidades individuais dos alumnos, etc., podemos

establecer uns mínimos esixibles que corresponden á bibliografía utilizada polo Departamento.

Para poder superar a materia de Educación Auditiva e Vocal neste curso, atenderase ós dous bloques de contidos avaliados reflectidos nesta programación no apartado de PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN (Educación Auditiva e Educación Vocal), e establecéndose os seguintes mínimos esixibles secuenciados trimestralmente:

EDUCACIÓN VOCAL

- 1º trimestre : Libro “Lenguaje Musical Melódico I” Ed. Si bemol.

Traballaranse as leccións dende o nº 1 ata o nº 20. Precisarase unha velocidade mínima de lectura (pulso= 60), permitindo unicamente erros ou imprecisións na afinación non superiores ó semitón no 50% das dificultades melódicas traballadas.

- 2º trimestre : Libro “Lenguaje Musical Melódico I” Ed. Si bemol.

Traballaranse as leccións dende o nº 21 ata o nº 40. Precisarase unha velocidade mínima de lectura (pulso= 60), permitindo unicamente erros ou imprecisións na afinación non superiores ó semitón no 50% das dificultades melódicas traballadas.

- 3º trimestre : Libro “Lenguaje Musical Melódico I” Ed. Si bemol.

Traballaranse as leccións dende o nº 41 ata o nº 60. Precisarase unha velocidade mínima de lectura (pulso= 60), permitindo unicamente erros ou imprecisións na afinación non superiores ó semitón no 50% das dificultades melódicas traballadas.

EDUCACIÓN AUDITIVA

- 1º Trimestre: transcripción por escrito dos contidos sonoros, permitindo unicamente erros no 50% da totalidade de cada exercicio.
- 2º Trimestre: transcripción por escrito dos contidos sonoros, permitindo unicamente erros no 50% da totalidade de cada exercicio.
- 3º Trimestre: transcripción por escrito dos contidos sonoros, permitindo unicamente erros no 50% da totalidade de cada exercicio.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Na L. O. E. ao igual que na L. O. X. S. E. os profesores poden cualificar aos seus alumnos sen necesidade de que estes sufran un exame diante dun tribunal.

Nas primeiras xornadas lectivas realizarase unha AVALIACION INICIAL. Para a realización da avaliación inicial analizaranse os informes de avaliación individualizados do curso pasado, a fin de detectar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos.

Consideramos que a observación directa na propia aula dos alumnos resulta ser o criterio máis fiable de avaliación, ademais de ser este o sistema requirido pola administración competente.

Desta observación podemos obter moitas conclusións, tanto no que se refire aos coñecementos adquiridos, ás inquiredanzas, como á interese do alumnado, que é o que, na meirande parte dos casos, vai permitir co paso do tempo que este chegue a ser músico.

Aínda parecendo o criterio de avaliación continua o máis axeitado para avaliar aos alumnos, tamén temos establecidas probas trimestrais.

Ditas probas abranguerán en cada un dos cursos os seguintes apartados:

- Educación auditiva
 - Recoñecemento de relacións intervállicas, timbres, acordes tonais.
 - Recoñecemento de fórmulas rítmicas e melódicas
 - Recoñecemento de compases.
- Educación vocal
 - Entoación intervállica
 - Entoación de un fragmento melódico “a capella” cunha correcta emisión vocal.

Será o propio profesor quen cualifique ao final de curso aos seus alumnos, tendo en conta o exposto anteriormente no proxecto curricular e facendo a ponderación seguinte:

- 50 % para educación auditiva

- 45 % para educación vocal
- 5 % para os contidos actitudinais

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

A porcentaxe aplicable para a obtención da nota final será o seguinte:

- Nota de clase 70%
- Nota de exame 30%

Criterios de cualificación

De acordo coa L. O. E. contemplárase non só a aprendizaxe dos contidos conceptuais e procedimentais, senón tamén os contidos actitudinais.

Consideramos moi importante estes últimos, xa que teñen moita influencia nos conceptuais á hora de valorar o rendemento do curso dun alumno en particular. Estes contidos actitudinais serán:

- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respectar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.

Será o propio profesor quen cualifique ao final de curso aos seus alumnos, tendo en conta o exposto anteriormente.

O proceso de aprendizaxe artístico no nivel elemental, require un seguimento constante e continuado por parte do profesor e polo tanto, a asistencia regular ás clases.

O alumnado que non poida ser avaliado de forma continua, será avaliado mediante unha proba a final de curso, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación de Educación Auditiva e Vocal.

Será o propio profesor quen cualifique este exame, tendo en conta o exposto anteriormente no proxecto curricular e facendo a ponderación seguinte:

- 60 % para educación auditiva
- 40 % para educación vocal.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para que a un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias. No que respecta á Educación Auditiva e Vocal, os profesores, previa información dos titores (dentro do primeiro trimestre) faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. Dito exame será similar ao que aparece no apartado da programación para o alumnado que non poida ser avaliado de forma continua. O alumno demostrará nese exame que domina os contidos do curso no que se matriculou, pero tamén que terá que demostrar o grao de aptitudes e a capacidade para superar o seguinte.

O alumno que opte á ampliación de matrícula deberá encher unha solicitude para o efecto no prazo establecido polo centro profusamente anunciado polos leitos habituais.

O exame realizarase antes da primeira avaliación e será na devandita sesión de avaliación onde sexa concedida a ampliación de ser o caso.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación trimestrais

Un alumno cun un trimestre suspenso o pode ir recuperando, clase a clase, ó longo do trimestre seguinte, baixo a observación do profesor, que é quen debe considerar a evolución do alumno. Os contidos da materia favorecen unha aprendizaxe continua, construtiva e sumativa (cada elemento asimilado é base para a asimilación dun novo) xa que é imprescindible asegurar os elementos non asimilados para poder continuar a aprendizaxe.

O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias que figuran neste currículo, co mesmo profesor.

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente de Educación Auditiva e Vocal,

matricularase ademais do curso seguinte de dita materia. Deberá asistir ás clases dos dous cursos. Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha cualificación positiva no curso superior.

Faranse exames (similares aos exames do alumnado que non poida ser avaliado de forma continua) abranguendo todos os contidos da materia pendente para poder aprobar dita materia dentro do trimestre que o profesor considere oportuno. No caso que o alumno supere dita proba coa cualificación correspondente, poderá deixar de asistir ás clases do curso pendente, quedando este superado.

Probas extraordinarias

Estes exames serán unicamente para aqueles alumnos que non superaron a materia de Educación Auditiva e Vocal ao longo do curso.

Os alumnos terán que realizar un exame, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos no programa de Educación Auditiva e Vocal.

- Educación auditiva
 - Recoñecemento de relacións interválicas, timbres, acordes tonais.
 - Recoñecemento de fórmulas rítmicas e melódicas
 - Recoñecemento de compases.
- Educación vocal
 - Entoación interválica.
 - Entoación de un fragmento melódico “a capella” cunha correcta emisión vocal.

Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran na programación de cada curso.

Será o propio profesor quen cualifique este exame, tendo en conta o exposto anteriormente no proxecto curricular e facendo a ponderación seguinte:

- 60 % para educación auditiva
- 40 % para educación vocal.

6.1.4. Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno (ben sexan materiais propios e / ou materiais editados e comercializados).

6.2. Curso: 2º Curso de Grao Elemental

6.2.1. Obxectivos

- a) Valorar a importancia da memoria como recurso indispensable no desenvolvemento da audición activa.
- b) Afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).
- c) Potenciar a memoria como base para a formación do oído interno.
- d) Desenvolver o traballo vocal en grupo e coñecer os elementos básicos da interpretación, tendo en conta as normas e as regras que rexen a actividade musical de conxunto.

6.2.2. Contidos

Contidos de Educación Auditiva

- Cumprimento dos contidos presentes nos materiais que o profesor determine.
- Práctica auditiva sobre intervalos.
- Proba auditiva ata unha alteración.
- Identificación das tonalidades ata unha alteración.
- Práctica auditiva sobre fórmulas, memorización e erros.
- Deberanse facer audicións con frecuencia para o coñecemento dos diferentes estilos da historia da música.
- Práctica da audición armónica.
- Reforzo e perfeccionamento de:

- Ditado rítmico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico – rítmico abranguendo os dous apartados anteriores
- Ditado interválico harmónico e melódico.
- Recoñecemento auditivo dos acordes de tríada perfecto maior, perfecto menor.
- Diferenciación entre as funcións de Tónica, Subdominante e Dominante.
- Sensación de Tónica, Dominante e Subdominante.

Contidos de Educación Vocal

- Cumprimento dos contidos presentes nos materiais que o profesor determine.
- Exercicios de respiración, relaxación e vocalización.
- Interpretación de cancións a unha voz e introdución a dúas voces.
- Canons a voces iguais.
- Práctica interválica: 2ª e 3ª Maior e menor. 4ª, 5ª e 8ª Xusta.
- Reforzo e perfeccionamento de:
 - Mecanización interválica, ademais de escalas e arpexos de tonalidades ata unha alteración.
 - Práctica do cromatismo.
 - Entoación con e sen texto.
 - Práctica da memoria.
 - Traballo de fragmentos melódicos a diferentes alturas.
 - Práctica da repentización de entoación con e sen acompañamento pianístico.
 - Práctica de improvisación melódica sobre unhas pautas pre-establecidas.

6.2.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- 1) Identificar os erros e as diferenzas existentes entre un fragmento escrito e o escoitado. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para discriminar auditivamente as posibles diferenzas entre o escoitado e o escrito.
- 2) Identificar auditivamente o modo maior e menor dunha obra ou dun fragmento. Preténdese constatar a capacidade do alumnado para recoñecer este fundamental aspecto da audición dándolle elementos para a súa audición intelixente.
- 3) Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para percibir aspectos distintos (rítmicos, melódicos, cadenciais, formais, tímbricos etc.), tras seleccionar os aspectos que se deban identificar ou ben deixando que se identifiquen libremente os aspectos que resulten máis notorios.
- 4) Reproducir por escrito fragmentos rítmicos escoitados. Mediante este criterio avalíase a capacidade do alumnado para recoñecer e reproducir aspectos rítmicos coñecidos.
- 5) Reproducir por escrito fragmentos melódicos escoitados. Avaliamos aquí a capacidade de interiorizar e reproducir graficamente movementos melódicos con sentido tonal.
- 6) Recoñecer e reproducir por escrito fragmentos melódico-rítmicos escoitados. Trátase de avaliar a destreza para captar conxuntamente os aspectos melódicos e rítmicos do fragmento escoitado.
- 7) Recoñecer e reproducir por escrito fragmentos musicais a dúas voces. Con este criterio de avaliación compróbase a percepción do alumnado constatando a faceta polifónica da audición.
- 8) Entoar, integrándose no grupo, unha das voces dun canon ou fragmento musical polifónico. Con esta proba trátase de obxectivar a destreza do alumnado para se adaptar musicalmente e sonoramente a un grupo.

- 9) Amosar a capacidade de aprendizaxe progresiva individual nos estudos e os métodos de traballo. Este criterio de avaliación pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo os métodos de traballo e as indicacións do profesorado, desenvolvendo así unha autonomía que lle permita unha certa valoración do rendemento.

Mínimos esixibles

Aínda tendo en conta que a evolución e o rendemento dos grupos é moi variable dependendo de factores tales como: as idades dos alumnos, o número de alumnos, o calendario escolar, as propias capacidades individuais dos alumnos, etc., podemos establecer uns mínimos esixibles que corresponden á bibliografía utilizada polo Departamento.

Para poder superar a materia de Educación Auditiva e Vocal neste curso, atenderase ós dous bloques de contidos avaliados reflectidos nesta programación no apartado de PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN (Educación Auditiva e Educación Vocal), e establecéndose os seguintes mínimos esixibles secuenciados trimestralmente:

EDUCACIÓN VOCAL

- 1º trimestre : Libro “Lenguaje Musical Melódico II” Ed. Si bemol.

Traballaranse as leccións dende o nº 1 ata o nº 22. Precisarase unha velocidade mínima de lectura (pulso= 60), permitindo unicamente erros ou imprecisións na afinación non superiores ó semitón no 50% das dificultades melódicas traballadas.

- 2º trimestre : Libro “Lenguaje Musical Melódico II” Ed. Si bemol.

Traballaranse as leccións dende o nº 23 ata o nº 45. Precisarase unha velocidade mínima de lectura (pulso= 60), permitindo unicamente erros ou imprecisións na afinación non superiores ó semitón no 50% das dificultades melódicas traballadas.

- 3º trimestre : Libro “Lenguaje Musical Melódico II” Ed. Si bemol.

Traballaranse as leccións dende o nº 46 ata o nº 67. Precisarase unha velocidade mínima de lectura (pulso= 60), permitindo unicamente erros ou imprecisións na afinación non superiores ó semitón no 50% das dificultades melódicas

traballadas.

EDUCACIÓN AUDITIVA

- 1º Trimestre: transcripción por escrito dos contidos sonoros, permitindo unicamente erros no 50% da totalidade de cada exercicio.
- 2º Trimestre: transcripción por escrito dos contidos sonoros, permitindo unicamente erros no 50% da totalidade de cada exercicio.
- 3º Trimestre: transcripción por escrito dos contidos sonoros, permitindo unicamente erros no 50% da totalidade de cada exercicio.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Na L.O.E. ao igual que na L.O.X.S.E. os profesores poden cualificar aos seus alumnos sen necesidade de que estes sufran un exame diante dun tribunal.

Nas primeiras xornadas lectivas realizarase unha AVALIACION INICIAL. Para a realización da avaliación inicial analizaranse os informes de avaliación individualizados do curso pasado, a fin de detectar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos.

Consideramos que a observación directa na propia aula dos alumnos resulta ser o criterio máis fiable de avaliación, ademais de ser este o sistema requirido pola administración competente.

Desta observación podemos obter moitas conclusións, tanto no que se refire aos coñecementos adquiridos, ás inquiredanzas, como á interese do alumnado, que é o que, na meirande parte dos casos, vai permitir co paso do tempo que este chegue a ser músico.

Aínda parecendo o criterio de avaliación continua o máis axeitado para avaliar aos alumnos, tamén temos establecidas probas trimestrais.

Ditas probas abranguerán en cada un dos cursos os seguintes apartados:

- Educación auditiva
 - Recoñecemento de relacións interválicas, timbres, acordes tonais.
 - Recoñecemento de fórmulas rítmicas e melódicas
 - Recoñecemento de compases.

- Educación vocal
 - o Entoación interválica
 - o Entoación de un fragmento melódico “a capella” cunha correcta emisión vocal.

Será o propio profesor quen cualifique ao final de curso aos seus alumnos, tendo en conta o exposto anteriormente no proxecto curricular e facendo a ponderación seguinte:

- 50 % para educación auditiva
- 45 % para educación vocal
- 5 % para os contidos actitudinais

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

A porcentaxe aplicable para a obtención da nota final será o seguinte:

- Nota de clase 60%
- Nota de exame 40%

Crterios de cualificación

De acordo coa L.O.E. contemplarase non só a aprendizaxe dos contidos conceptuais e procedimentais, senón tamén os contidos actitudinais.

Consideramos moi importante estes últimos, xa que teñen moita influencia nos conceptuais á hora de valorar o rendemento do curso dun alumno en particular. Estes contidos actitudinais serán:

- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.

Será o propio profesor quen cualifique ao final de curso aos seus alumnos, tendo en conta o exposto anteriormente.

O proceso de aprendizaxe artística no nivel elemental, require un seguimento constante e continuado por parte do profesor e polo tanto, a asistencia regular ás clases.

O alumnado que non poida ser avaliado de forma continua, será avaliado mediante unha proba a final de curso, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación de Educación Auditiva e Vocal.

Será o propio profesor quen cualifique este exame, tendo en conta o exposto anteriormente no proxecto curricular e facendo a ponderación seguinte:

- 60 % para educación auditiva
- 40 % para educación vocal.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para que a un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias. No que respecta á Educación Auditiva e Vocal, os profesores, previa información dos titores (dentro do primeiro trimestre) faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. Dito exame será similar ao que aparece no apartado da programación para o alumnado que non poida ser avaliado de forma continua. O alumno demostrará nese exame que domina os contidos do curso no que se matriculou, pero tamén que terá que demostrar o grao de aptitudes e a capacidade para superar o seguinte.

O alumno que opte á ampliación de matrícula deberá encher unha solicitude para o efecto no prazo establecido polo centro profusamente anunciado polos leitos habituais.

